

espectáculo  
de animación  
de rúa.



**Cia. Catropés**  
*presenta:*

ANIMA-  
CRE-  
QUES

---

**Catropés** e unha compañía galega de nova creación formada por Vanessa Rivas e Ánxela Blanco. Tras un longo camiño compartido no eido escénico, nas viaxes e nos contos, achéganse nesta ocasión para desenvolver o seu primeiro proxecto conxunto: «Animacreques». A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.





---

**Ánxela Blanco**, 1983 A Coruña. Formouse de maneira autodidacta entre Francia e España, destacando en creación escénica e danza. Foi seleccionada para recibir diferentes bolsas como a de Formación Permanente de Clown en CNAC (Centre National de les Arts du Cirque de France), ademais de Residencias de Creación en NORMAL, Fundación Luís Seoane ou o Centro Coreográfico Galego. Nos 10 anos de experiencia escénica formou parte de diversas iniciativas relacionadas coa educación e coa práctica comunitaria tanto de xestión como de mediación en colectivos e asociacións (Manicómicos, Colectivo Fume, Casa Tomada, Danesga, Sarsur, Circo de Galiza-Semente Madeleine).

Colabora de xeito puntual ou continuado en traballos doutras compañías e artistas (Elefante elegante, Fredi&cia, Mónica de Nut, Cia. Entremans, Matías Daporta, Galicia Canibal, Os Bolechas...) na maioría como intérprete, pero tamén acompañando na dirección e na coreografía. Premio INJUVE á creación escénica por Fume, obra que dirixe e interpreta.



---

**Vanessa Rivas**, 1980 A Coruña. Zaqueira, actriz, educadora social e contadora de historias, empeza a súa formación artística no ano 2002 con mestres de renome internacional e en lugares como o Estudis de Teatre de Barcelona ou La Bont's International Clown School de Ibiza. Posúe estudos superiores de solfexo e piano e actualmente canta na agrupación vocal «O Coro da Rá». A través da súa compañía «RimaVane, Artes Escénicas/ Educación» desenvolve proxectos de carácter social mesturando as disciplinas artísticas coa súa experiencia como educadora. Desde o ano 2004 traballa como guionista e intérprete coa Compañía Trinketrinke facendo teatro para a animación á lectura. Trinketrinke acadou varios premios de fomento da lectura a nivel estatal.

Membro fundador e presidenta durante catro anos da Asociación Cultural Manicómicos, que tódolos anos leva a cabo o seu Festival Internacional de Teatro Cómico.

---

Espectáculo de Vanessa Rivas e Ánxela Blanco, co soporte de Rexenerando, Soc. Cooperativa Galega.

**Duración:** 50'

**Estrea:** Festival Titirideza, Lalín, Agosto 2017.



**Máis información e contratación:**









**Cia. Catropés**